

# **PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL CURSO 23-24**



**IES Aquis  
Querquernis**

**CURSO 2023/2024**



# Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. COMPOÑENTES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	6
2.1. EQUIPO DIRECTIVO:.....	6
2.2. PROFESORADO:.....	6
2.3. PERSOAL NON DOCENTE:.....	6
2.4. ALUMNADO.....	6
3. LIÑAS XERAIS CURSO 2023/2024.....	7
3.1. AVALIACIÓN INICIAL.....	7
3.2. PLANIFICACIÓN.....	7
4. ORIENTACIÓNS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	7
4.1. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	7
5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS NO CURSO 2023 / 24.....	8
5.1. EN RELACIÓN AO ALUMNADO:.....	8
5.2. EN RELACIÓN AO PROFESORADO:.....	8
5.3. EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS:.....	8
5.4. EN RELACIÓN AO PERSOAL NON DOCENTE:.....	8
5.5. EN RELACIÓN AOS CENTROS EDUCATIVOS ADSCRITOS:.....	8
5.6. EN RELACIÓN A CONCELLOS E OUTRAS INSTITUCIÓNS:.....	8
6. MEDIDAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS.....	9
6.1. EN RELACIÓN AO ALUMNADO:.....	9
6.2. EN RELACIÓN AO PROFESORADO:.....	9
6.3. EN RELACIÓN COAS FAMILIAS:.....	9
6.4. EN RELACIÓN AO PERSOAL NON DOCENTE:.....	9
6.5. EN RELACIÓN AOS CENTROS EDUCATIVOS ADSCRITOS:.....	9
6.6. EN RELACIÓN A CONCELLOS E OUTRAS INSTITUCIÓNS:.....	10
7. RECURSOS E INSTRUMENTOS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS.....	11
7.1. EN RELACIÓN AO ALUMNADO.....	11
7.2. EN RELACIÓN AO PROFESORADO:.....	11
7.3. EN RELACIÓN COAS FAMILIAS:.....	11
7.4. EN RELACIÓN AOS CENTROS ESCOLARES ADSCRITOS:.....	11



8. HORARIO XERAL DO IES.....	12
8.1. DATAS DE AVALIACIÓNS.....	13
8.2. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE.....	14
8.2.1. CONSELLO ESCOLAR.....	14
8.2.2. CLAUSTRO DE PROFESORADO.....	15
8.2.3. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.....	16
8.2.4. EQUIPO DIRECTIVO.....	17
9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS PARA O CURSO 2023-2024.....	18
9.1. DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.....	18
9.2. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA.....	19
DATA.....	19
9.3. DEPARTAMENTO DE FRANCÉS.....	19
9.4. DEPARTAMENTO DE GALEGO.....	20
9.5. DEPARTAMENTO DE MÚSICA.....	20
9.6. DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN.....	20
9.7. DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA.....	21
9.8. OUTRAS ACTIVIDADES.....	21
9.9. OUTRAS ACTIVIDADES SEN CONCRETAR.....	21
9.10. CONMEMORACIÓNS:.....	22
9.11. TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES A CELEBRAR NO CENTRO:.....	22
OUTUBRO.....	22
NOVEMBRO.....	22
DECEMBRO.....	22
XANEIRO.....	23
FEBREIRO.....	23
MARZO.....	23
ABRIL.....	23
MAIO.....	23
XUÑO.....	23
10. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	24



11. PLAN ANUAL DE LECTURA.....	25
11.1. ACTIVIDADES PARA O CURSO 2023-2024.....	25
12. PLAN ANUAL DE INTEGRACIÓN DAS TIC.....	26
13. PLAN DIXITAL.....	27
13.1. PRINCIPIOS:.....	27
13.2. OBXECTIVOS:.....	27
13.3. REFERENTES:.....	28
14. PLAN ANUAL DE CONVIVENCIA.....	29
15. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO.....	33
16. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS.....	34
17. MELLORAS NOS ESPAZOS ACOMETIDAS NO PRESENTE CURSO.....	34
18. NECESIDADES PRIORITARIAS FUTURAS.....	35
19. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.....	36
20. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	37
20.1. TRANSPORTE ESCOLAR.....	37
20.2. COMEDOR.....	37
21. ANEXOS:.....	38
Plan Xeral de Atención a diversidade.....	38



# 1. INTRODUCCIÓN

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu importantes modificacións na lei educativa, no currículo e na ordenación da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato. Na súa disposición final quinta, referida ao calendario de implantación, establece que as modificacións introducidas no currículo, a organización, obxectivos e programas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato implantaranse, para os cursos impares da etapa, no curso escolar que se inicie un ano despois da entrada en vigor da citada lei, e para os cursos pares da etapa, no curso que se inicie dous anos despois de dita entrada en vigor.

En desenvolvemento normativo posterior, o Real Decreto 156/2022, do 15 de setembro, establece a ordenación e o currículo da Educación Secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2023/24.

O Real Decreto 157/2022, do 15 de setembro establece a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2023/24.

Ditas resolucións son as que tomamos como base para elaborar a programación xeral do noso centro.

Neste centro, cabe destacar que este curso a dirección do centro cambiou tras máis de 20 anos, e xunto con ela o equipo directivo foi renovado case na súa totalidade, e polo tanto comeza un camiño de cara a acadar os obxectivos e os retos manifestados no proxecto presentado.

Tras a análise do centro, atópanse debilidades e ameazas que tratarán de revertirse aproveitando as fortalezas e oportunidades. Dende o centro tratarán de optimizarse:

- a parte correspondente á organización e xestión, coa renovación dos documentos, plans, espazos e equipamentos así como a mellora das relacións coas institucións
- na área pedagóxica tratando de involucrar á comunidade educativa no proceso de cambio e transformación
- na área familiar fomentando as relacións entre todos os membros da comunidade educativa.



## 2. COMPOÑENTES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

### **2.1. EQUIPO DIRECTIVO:**

- Cid Pérez, María del Carmen (Directora)
- Becerra Varela, Margarita (Vicedirectora)
- Freiría Rodríguez, Ana María (Xefa de Estudos)
- Blanco González, Ilda (Secretaria)

### **2.2. PROFESORADO:**

- Álvarez Sanchez, Roberto (titor 3ºA)
- Ares Nieto Iria (A.L.)
- Cougil González, Susana
- Díaz Mirón, Fernando
- Diéguez Álvarez, Concepción (titora 1º bacharelato)
- Dios González, Ana (titora de 3º PDC)
- Domínguez Alberte, Xoán Carlos
- Fernández Ferro, Jaime
- Fidalgo Atanes, Rosa Mary
- Gómez Estévez, Mª Fe (titora 2º ESO)
- González Rodríguez, Mª Luisa
- Hernández Figueiredo, José Ramón
- López González, Manuel Enrique
- Míguez Campos, Mª Elvira
- Piñón Losada, Olga (titora 2º bacharelato)
- Rodríguez González, María del Mar (orientadora)
- Rodríguez Murga, José María (titor 4º ESO)
- Suárez López, Isabel (titora 1º ESO)
- Vázquez Montero, Mª Cristina

### **2.3. PERSOAL NON DOCENTE:**

- Alberto Rodríguez Iglesias (Conserxe)
- Gómez Prado Cristina (Administrativa)
- Elisa Cachafeiro Núñez (Titular persoal de limpeza)
- María Ángeles Domínguez Diz (Titular persoal de limpeza)

### **2.4. ALUMNADO**

- 1º ESO A: 15 alumnos/as
- 2º ESO A: 23 alumnos/as
- 2º ESO B: 1 alumno
- 3º ESO A: 28 alumnos/as
- 3º ESO B (PDC): 7 alumnos/as
- 4º ESO: 11 alumnos/as
- 1º BACHARELATO: 6 alumnos/as
- 2º BACHARELATO: 10 alumnos/as



## 3. LIÑAS XERAIS CURSO 2023/2024

### 3.1. AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realizouse durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprendeu as seguintes accións que permitiron identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

### 3.2. PLANIFICACIÓN

Co fin de que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos posibles escenarios e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas, teranse en conta os seguintes aspectos na planificación educativa:

- A partir da información da finalización do curso 2022/2023 e da avaliación inicial, refórzanse os elementos curriculares que determinen os equipos docentes e os departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza e aprendizaxe de todo o alumnado.
- A aplicación nos reforzos de medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de varias competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan o autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo...
- A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

## 4. ORIENTACIÓNS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

- Na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE) coidarase de que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.
- Atenderase aos diferentes modos que ten ao alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación ás súas circunstancias.

### 4.1. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

- O Departamento de Orientación reforzará as actuacións dirixidas á identificación das necesidades educativas ocasionadas pola situación de pandemia en coordinación coas persoas titoras, as medidas e programas para a atención ás mesmas así como as accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa. Estas medidas e accións concretarase na concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade.



- Proporcionará asesoramento pedagóxico aos docentes para axustar a súa práctica educativa telemática na atención á diversidade así como adaptar a súa propia función de orientación á situación do momento.

## **5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS NO CURSO 2023 / 24**

### **5.1. EN RELACIÓN AO ALUMNADO:**

- Fomentar os hábitos de estudo, a responsabilidade persoal do alumnado e o espírito de esforzo e mellora.
- Desenvolver o uso responsable e respectuoso das instalacións e bens do centro educativo.
- Estimular hábitos saudables e respectuosos co medio ambiente.
- Mellorar os resultados académicos.

### **5.2. EN RELACIÓN AO PROFESORADO:**

- Concienciar e apoiar a participación en actividades de formación relacionadas cos novos retos e instrumentos educativos (Aula virtual, TICs, biblioteca escolar, convivencia).
- Mellorar a coordinación entre os departamentos didácticos na posta en marcha de medidas conxuntas e proxectos colaborativos de innovación pedagóxica e de mellora do rendemento escolar.
- Fomentar a responsabilidade individual, participación e implicación en todas as actividades desenvolvidas no centro educativo, así coma o cumprimento das NOF.

### **5.3. EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS:**

- Aumentar e mellorar a comunicación entre o centro e as familias, facilitando canles de sinxela aplicación para os membros da comunidade educativa.
- Concienciar ás familias do seu papel esencial na educación do alumnado.
- Fomentar unha maior participación das familias nas actividades desenvolvidas no centro.

### **5.4. EN RELACIÓN AO PERSOAL NON DOCENTE:**

- Incrementar a participación do persoal de administración e servizos nas actividades organizadas polo centro.

### **5.5. EN RELACIÓN AOS CENTROS EDUCATIVOS ADSCRITOS:**

- Manter os contactos iniciados nos cursos anteriores co profesorado dos centros de primaria adscritos ao IES tendentes a analizar as carencias fundamentais que amosa o alumnado que chega ao IES e traballar na súa desaparición.
- Colaborar cos centros adscritos no proceso de adaptación do alumnado no seu paso da educación primaria á secundaria.

### **5.6. EN RELACIÓN A CONCELLOS E OUTRAS INSTITUCIÓNS:**

- Incrementar a colaboración entre os concellos e outras institucións e o IES na posta en marcha de calquera tipo de actividades organizadas por ambos.





## 6. MEDIDAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

### **6.1. EN RELACIÓN AO ALUMNADO:**

- A actuación coordinada e conxunta de todo o profesorado para concienciar e estimular ao alumnado na necesidade da posta en marcha de hábitos de estudo diarios, efectivos e constantes, así como a constatación da necesidade do esforzo persoal para acadar os obxectivos educativos previstos.
- Facer comprender ao alumnado que as instalacións e equipamentos do centro son un ben común, que os alumnos son os seus principais beneficiarios e, polo tanto, da necesidade de facer un uso responsable e coidadoso para a súa conservación e boa utilización.
- Posta en marcha de actividades orientadas á mellora do medio ambiente a desenvolver no interior do centro: recollida selectiva de residuos; consumo responsable; hábitos de reciclaxe.

### **6.2. EN RELACIÓN AO PROFESORADO:**

- Dende a dirección farase fincapé nas reunións de claustro nas necesidades formativas do profesorado, impulsando a participación maioritaria en actividades orientadas á formación en novas tecnoloxías (contidos de páxinas web, aula virtual, pizarras dixitais) e en dinamización de lectura (bibliotecas escolares, recursos e fontes para a lectura).
- Estableceranse reunións periódicas dos equipos docentes dos diferentes grupos para analizar a marcha do curso e os resultados acadados, constatación de problemas e posta en marcha de medidas conxuntas para solucionarlos.
- En reunión de claustro estableceranse as medidas de comunicación coas familias e os distintos procedementos incluídos nas NOF.

### **6.3. EN RELACIÓN COAS FAMILIAS:**

- Establecer mecanismos máis efectivos de comunicación entre o profesorado e as familias coa finalidade de que teñan unha información actualizada e constante da actividade docente do centro (mediante as ferramentas corporativas como medio de comunicación preferente).
- Establecemento de reunións trimestrais cos pais/nais do alumnado co obxecto de estimular a súa colaboración no proceso educativo. Nestas reunións buscarase a posta en común de experiencias persoais tanto no que se refire aos principais problemas con que se atopan os responsables do alumnado á hora de participar na educación dos seus fillos/as, así como a forma de superalos e as experiencias positivas existentes.

### **6.4. EN RELACIÓN AO PERSOAL NON DOCENTE:**

- A dirección manterá reunións co persoal de administración e servizos para aumentar a súa colaboración e implicación nas actividades desenvotas (festivais, concursos, festividades...).

### **6.5. EN RELACIÓN AOS CENTROS EDUCATIVOS ADSCRITOS:**

- En vista da mellora de resultados, manteranse as reunións periódicas cos responsables dos centros de primaria adscritos, seguindo o guión establecido: análise do alumnado (características e problemáticas individuais e medidas educativas postas en marcha), análise dos entornos familiares, estratexias didácticas para afrontar as carencias



instrumentais básicas (lectura, escritura, hábitos de estudo, interese e esforzo individuais, etc.), problemática do alumnado no seu paso ao ensino secundario.

## **6.6. EN RELACIÓN A CONCELLOS E OUTRAS INSTITUCIÓN:**

- Poñer en marcha unha canle de comunicación constante e efectiva cos concellos que permita unha colaboración máis intensa e unha maior implicación dos organismos públicos nas actividades docentes e complementarias a desenvolver.

## **7. RECURSOS E INSTRUMENTOS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS**

### **7.1. EN RELACIÓN AO ALUMNADO**

- Reunións conxuntas dos equipos docentes de grupo centradas nas estratexias para desenvolver hábitos de estudo e o estímulo do esforzo e o traballo persoais; reunións de titoría co alumnado para transmitir estas estratexias, así como normas de utilización e conservación das instalacións e equipamentos; elaboración polo departamento de Ciencias da natureza dun programa de actividades orientadas á mellora do medio ambiente cos seus recursos necesarios (contenedores de recollida selectiva, luvas individuais para o alumnado, carteis informativos, exposicións).
- Facilitar o acceso á información referente á súa participación no centro (NOF, actividades...)

### **7.2. EN RELACIÓN AO PROFESORADO:**

- A posta en marcha das actividades de formación contará co asesoramento e apoio da coordinadora do Plan de Formación do Profesorado do centro, e o asesoramento do persoal do Centro de Formación e Recursos, así como as ferramentas corporativas coas que conta o centro e os seus propios recursos.

### **7.3. EN RELACIÓN COAS FAMILIAS:**

- Fixarase un protocolo de comunicación directa do profesorado titor coas familias (empregando as ferramentas corporativas como medio preferente) para atallar de forma inmediata calquera problema existente co alumnado.

### **7.4. EN RELACIÓN AOS CENTROS ESCOLARES ADSCRITOS:**

Establécese un calendario de reunións cos centros adscritos e uns modelos de información homoxéneos nos que se recollan aqueles datos esenciais para a acollida do novo alumnado e o tratamento da súa problemática máis destacada.

## 8. HORARIO XERAL DO IES

O horario lectivo do IES Aquis Querquernis é o seguinte: de luns a venres de 08:30 a 14:10, con seis períodos lectivos de 50 minutos e dous recreos de 20 minutos (10:10-10:30 e 12:10-12:30). O luns pola tarde engádense outros dous períodos lectivos de 50 minutos dende as 15:30 ás 17:10 h. O horario de uso dos servizos e instalacións do centro correspóndese co establecido no horario lectivo.

A Biblioteca do centro permanece aberta durante os segundos recreos, de luns a xoves e nos dous recreos do venres para o seu uso polo alumnado (lectura, préstamo de libros, utilización de Internet), estando atendida por un profesor/a. Aplícanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

En canto ao horario do IES fóra do período lectivo, temos que indicar que as circunstancias particulares do noso centro implican que este permaneza pechado. De todos modos, calquera colectivo da comunidade escolar pode solicitar as instalacións do centro para a realización de algunha actividade ou reunión, solicitude que será examinada pola dirección do centro e atendida na medida das posibilidades e a súa pertinencia. Deste xeito, o IES permanecerá a disposición da Comunidade Educativa cando esta o precise, debendo establecerse soamente as medidas precisas para facilitar esta disposición.

No que respecta ao horario de verán, o centro permanece aberto todas as mañás (de 09:30 a 13:30) nos meses de xullo e agosto, atendido por un membro do persoal non docente e un cargo directivo.

A elaboración dos horarios dos grupos de alumnado realizaranse atendendo a unha serie de criterios pedagóxicos, organizativos e de dispoñibilidade de recursos humanos e materiais analizados e aprobados pola Comisión de Coordinación Pedagóxica. No que atinxe a estes criterios consideramos oportuno destacar o seguinte:

- A CCP considerou importante procurar que as materias instrumentais básicas (matemáticas, linguas) se impartiran nas primeiras horas de cada xornada, por seren as que esixen máis atención e esforzo no alumnado (especialmente nos primeiros cursos da ESO). Por outro lado, a posta en marcha de diversas medidas de reforzo (agrupamentos, reforzos educativos, adaptacións individualizadas) obrigou a coordinar as horas de impartición de diversas materias, coa conseguinte complicación á hora da elaboración dos horarios lectivos.
- En canto a utilización do centro por parte da comunidade educativa fóra do horario lectivo para a realización de calquera tipo de actividade, se ben é intención do IES facilitar na medida do posible este uso, as circunstancias actuais (maioría do alumnado que reside fóra da vila; escasa demanda por parte da comunidade educativa; dificultade ou imposibilidade de dispor de horario por parte do profesorado) fan extremadamente difícil a súa posta en marcha.



## 8.1. DATAS DE AVALIACIÓNS

1ª avaliación	
20/12/2023	1º Bacharelato 4º ESO 3º ESO B 3º ESO A 2º ESO B 2º ESO A 1º ESO
30/11/2023	2º Bacharelato
2ª avaliación	
21/03/2024	1º ESO 2º ESO A 2º ESO B 3º ESO A 3º ESO B 4º ESO 1º Bacharelato
07/03/2024	2º Bacharelato
Avaliación ordinaria para 1º Bacharelato	
06/06/2024	1º Bacharelato <b>(A data de avaliación de 2º Bacharelato está condicionada ao calendario das probas de acceso á universidade)</b>
3ª Avaliación e final da ESO e extraordinaria de Bacharelato	
24/06/2024	1º ESO 2º ESO A 2º ESO B 3º ESO A 3º ESO B 4º ESO 1º Bacharelato (extraordinaria) 2º Bacharelato (extraordinaria)



## **8.2. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE.**

### **8.2.1. CONSELLO ESCOLAR**

O Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar. Está composto polos seguintes membros: a directora (que é a presidenta), a xefa de estudos, un número de profesores/as non inferior a un terzo do total dos compoñentes do Consello (elixidos/as polo claustro e en representación do mesmo), un número de pais/nais e de alumnos/nas, que non poderá ser inferior a un terzo do total dos compoñentes do Consello, unha representante do persoal de administración e servizos do centro, a secretaria que fai a mesma función no Consello con voz pero sen voto.

O Consello Escolar do centro terá ás seguintes competencias:

- Aprobar o proxecto educativo, un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro.
- Aprobar a programación xeral anual do centro sen prexuízo das competencias do Claustro de profesores, en relación coa planificación e organización docente.
- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- Participar na selección do/a director/a do centro nos termos que a lexislación establece. Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propondrá revogación do nomeamento do director.
- Informar sobre a admisión de alumnos/as con respecto ao establecido na lexislación e disposicións que a desenvolvan.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas pola directora correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais/nais ou titores/as, poderá revisar a decisión adoptada e propor, no seu caso, as medidas oportunas.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre mulleres e homes e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Promover a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar e aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.
- Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.
- Calquera outra que lle sexa atribuída pola administración educativa.

As reunións do Consello celebraránse no día e no horario que posibilite a asistencia a todos os seus membros. Celebrarase como mínimo unha vez ao trimestre e sempre que o convoque a directora ou o solicite a terceira parte dos seus membros. Haberá ademais unha reunión ao principio e ao final de curso.



Nas reunións ordinarias a directora enviará os membros, cunha semana de antelación, a convocatoria e a orde do día mentres que as reunións extraordinarias serán convocadas cunha antelación de corenta e oito horas. A asistencia é obrigatoria para todos seus membros.

No caso do Consello Escolar pode empregarse a sala de profesores para levar a cabo as reunións xa que o seu tamaño permite que os todos membros garden a distancia social e poidan reunirse en condicións de seguridade. No caso de ser necesario empregaranse medios telemáticos.

O Consello Escolar adoptará os acordos por maioría simple, salvo no caso seguinte: aprobación do proxecto educativo e o regulamento interno e as súas modificacións (por maioría de dous terzos). Dentro do Consello existirán aló menos a Comisión Económica (formada pola directora, a secretaria, un pai ou nai e un/ha profesor/a) e a Comisión de Convivencia (formada pola directora, a xefa de estudos, profesor/a, pai ou nai e un/unha alumno/a).

### **8.2.2. CLAUSTRO DE PROFESORADO**

O claustro de profesores e profesoras é o órgano propio de participación destes no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre todos os aspectos docentes do mesmo.

Estará integrado pola totalidade dos profesores/as que presten servizo no curso académico no centro e será presidido polo director/a do centro.

Son competencia do claustro:

- Elevar ao equipo directivo propostas para a elaboración dos proxectos educativos e curricular do centro e da programación xeral anual.
- Aprobar e avaliar os proxectos curriculares e os aspectos docentes da programación xeral anual, conforme ao proxecto educativo do centro.
- Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- Elixir aos seus representantes no Consello Escolar.
- Propoñer todo tipo de iniciativas que tendan a mellorar o funcionamento do centro en calquera dos seus aspectos.
- Aprobar os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos/as alumnos/as.
- Aprobar a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e calendario dos exames ou probas extraordinarias.
- Analizar e valorar o rendemento escolar no centro mediante os resultados das avaliacións e outros parámetros que se consideren pertinentes.
- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos presentados polos candidatos.
- Coordinar as funcións referentes a orientación, tutoría, avaliación e recuperación de alumnos/as.
- Analizar e valorar os resultados da avaliación que o centro realice, a administración educativa ou calquera informe referente a súa marcha.
- Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliación do centro.

O claustro reunirase alomenos unha vez ao trimestre e sempre que o convoque a directora ou o solicite unha terceira parte do mesmo, ademais será perceptiva unha reunión ao principio e ao final do curso.

A asistencia é obrigatoria para todos os seus membros, e o profesorado recibirá unha convocatoria nominal coa orde do día a tratar. Todos os acordos tomaranse por maioría absoluta dos seus membros e, en caso de empate, decidirá o voto de calidade da presidenta.



A concreción destes órganos no centro baseándose nos principios democráticos no que asentamos o "modo de ser" do I.E.S. Aquis Querquernis obrigan a que estes órganos de goberno sexan elixidos a partir dunha verdadeira participación democrática de todos os membros da comunidade educativa baseada en procesos totalmente transparentes e apoiada en proxectos ou programas orientados a resolver as necesidades do centro existentes en cada momento.

De igual modo é fundamental que os mesmos principios democráticos nos que se asenta o modo de ser do centro estean presentes no funcionamento dos órganos de goberno do I.E.S. e, polo tanto, no exercicio das súas funcións. En consecuencia fíxase como liña básica de toma de decisións a idea de que os órganos unipersoais se orienten fundamentalmente á execución nos seus respectivos ámbitos competenciais, das decisións tomadas no claustro e no Consello Escolar do centro.

Isto implica para o equipo directivo entre outras actividades:

- Unha fonda planificación dende a análise de necesidades das decisións colexiadas que deben tomarse para contar con directrices que dirixan o funcionamento do instituto e, por tanto guíen os procesos de ensinanza-aprendizaxe fundadas na atención á diversidade.
- Elaborar os proxectos de xestión económica.
- Asumir os correspondentes debates e facilitar os datos ao claustro e ao consello escolar, decidindo con coñecemento de causa e en orde a resolver as necesidades do centro.
- Recoller os acordos en actas, ás que accederá en calquera momento o membro do órgano que o desexe, facilitándolle as copias que solicite.
- Levar a cabo o acordo da forma máis efectiva e económica posible dentro dos prazos sinalados.
- Xestionar os recursos necesarios para sacar adiante os proxectos de traballo.
- Dar conta aos órganos colexiados da súa xestión.
- Propoñer liñas de avaliación nos proxectos que atinxe a procesos e resultados académicos tanto no plano educativo, coma na xestión do instituto.
- Facer as tarefas que lle correspondan a cada órgano unipersonal dentro da unidade que é o equipo directivo, e, en consecuencia, coordinar aos catro membros baixo a responsabilidade da directora.
- Resolución dos conflitos na convivencia de acordo cos dereitos edebidos da persoa universalmente recoñecidos e coa plena garantía dos mesmos.

### **8.2.3. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA**

A comisión de coordinación pedagóxica está integrada pola directora, que é a presidenta, a xefa de estudos, os/as xefes/as de departamento, o coordinador do equipo de normalización lingüística, a profesora de apoio; actuará como secretario/a un membro da comisión, designado/a pola directora, oídos os restantes membros. A comisión terá as seguintes competencias:

- Elevar propostas ao claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración do proxectos curriculares.
- Velar para que o PCC, no que se incluírá o plan de orientación académica e profesional e o plan de acción tutorial, se realice conforme aos criterios establecido no claustro.
- Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación anual.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, do plan da orientación académica e profesional, do plan da acción



titorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular, incluídos no proxecto curricular.

- Propoñer ao claustro de profesores/as os proxectos curriculares para a súa aprobación.
- Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
- Propoñer ao claustro a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e o calendario de exames ou probas extraordinarias, de acordo coa xefatura de estudos.
- Canalizar as necesidades de formación continuada do profesorado cara ao centro de formación continua do profesorado.
- Proporlle a directora, aos/ás profesores/as titoras que formarán parte do departamento de orientación.
- Realizar, se é o caso, a proposta a xefa de estudos co fin de que se designe o responsable do departamento de actividades complementarias e extraescolares.
- Propoñer os/as profesores/as que formarán parte do equipo de normalización lingüística.

A comisión reuniráse como mínimo unha vez ao mes e celebrará unha sesión extraordinaria ao comezo do curso e ao finalizar o mesmo. Serán convocadas pola directora do centro e incluírá a orde do día.

As decisións serán por maioría absoluta dos seus membros e no caso de empate decide o voto de calidade do presidente.

#### **8.2.4. EQUIPO DIRECTIVO.**

As reunións do equipo directivo terán lugar todos os mércores de 10:30 a 11:20.



## 9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS PARA O CURSO 2023-2024.

Todas as actividades complementarias serán coordinadas pola vicedirección.

As diversas actividades complementarias e extraescolares atópanse recollidas nas programacións didácticas dos diversos departamentos. Durante o desenvolvemento do curso poderán propoñerse novas actividades tanto complementarias como extraordinarias que poderán aprobarse se se propoñen a continuación de xeito xenérico ou necesitarán de nova aprobación ao longo do curso. As plantexadas ao inicio de curso son as seguintes:

### 9.1. DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

DATA	ACTIVIDADE	GRUPOS	LUGAR
<b>1º TRIMESTRE</b>			
Outubro 2023	Inspección de outono río Cadós (Proxecto Ríos)	4º BIXE	Río Cadós (Bande)
Abril-maio 2022	Saída para coñecer a xeoloxía da contorna	4º BIXE, 1º BACH	Baixa Limia
<b>2º TRIMESTRE</b>			
Xaneiro-febreiro	Charla cun investigador/a	3º ESO, 4º BIXE, 1º BACH	Biblioteca do IES
Febreiro-Marzo	Visita ao Museo de Historia Natural	1º ESO	Santiago de Compostela
<b>3º TRIMESTRE</b>			
Abril-maio 2022	Inspección río Cadós (Proxecto Ríos)	1º ESO, 4º BIXE	Río Cadós (Bande)
Maio 2023	Participación en Galiciencia	1º ESO, 3º ESO, 4º ESO e 1º BACH	Parque tecnolóxico (Ourense)



## 9.2. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

DATA	ACTIVIDADE	GRUPOS	LUGAR
<b>1º TRIMESTRE</b>			
3 Novembro (9 en caso de chuva)	Xogade: Campo a través	Por determinar	Muiños
16 de Decembro	Campeonato prov. campo a través	Por determinar	Rivadavia
<b>2º TRIMESTRE</b>			
Xaneiro	Xogando co atletismo	Por determinar	Pista de atletismo Ourense
Febreiro aprox.	Fases zonais de badminton	Por determinar	Por determinar
6 Marzo	Xogade: Campeonato provincial de Orientación	Por determinar	A Rúa
<b>3º TRIMESTRE</b>			
24 Maio	Gladiator + iniciación piragüismo	Por determinar	Muiños
Finais maio-xuño	Piragua dragón	Por determinar	Por determinar

\* O centro solicitará a participación nas actividades de promoción da actividade física e o deporte do Servizo de Deportes en canto estas se oferten. As modalidades demandadas serán por exemplo piragüismo dragóns, escalada, atletismo e bádmbinton, entre outras. No caso de ser aprobadas, determinaranse as datas e lugares de celebración de ditas actividades.

## 9.3. DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

DATA	ACTIVIDADE	GRUPOS	LUGAR
<b>1º TRIMESTRE</b>			
16 Outubro	Contacontos en Francés	Alumnado francés	No centro
<b>2º TRIMESTRE</b>			
Fin de semana do 12 ao 14 de xaneiro	Viaxe didáctica a unha cidade francófona	Alumnado francés	Lyon (Francia)
<b>3º TRIMESTRE</b>			
Sen confirmar	La Crêperie	Alumnado francés	No centro



## 9.4. DEPARTAMENTO DE GALEGO

DATA	ACTIVIDADE	GRUPOS	LUGAR
<b>1º TRIMESTRE</b>			
20 Outubro	Encontro literario con Suso Díaz	3º ESO en adiante	Biblioteca do centro
27 Outubro	Encontro literario con Antón Riveiro Coello	4º ESO en adiante	Biblioteca do centro
21 Decembro	Sesión de contacontos	Todos os cursos	Salón de actos
<b>2º TRIMESTRE</b>			
Marzo	Primeira fase do certame de relato oral Tíralle da Lingua.	Todos os cursos	No centro
<b>3º TRIMESTRE</b>			
Maio-xuño	Final do certame de relato oral Tíralle da Lingua.	Todos os cursos	No centro
Por determinar	Saída didáctica a unha localidade portuguesa	Alumnado portugués	Por determinar

## 9.5. DEPARTAMENTO DE MÚSICA

DATA	ACTIVIDADE	GRUPOS	LUGAR
<b>3º TRIMESTRE</b>			
Abril	Musiqueando 2024	2º e 3º ESO	No centro
Abril	Ourencanto 2024	2º ESO	Ourense
Por determinar	Concerto didáctico de órgano	3º ESO	Celanova
Por determinar	Seminario "Danza urbana, aplicación didáctica en educación física y música" + Saída	3º ESO	CFR Ourense

\* Previsiblemente realizaranse máis encontros literarios ao longo do curso, estando os autores e datas aínda por determinar.

## 9.6. DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

DATA	ACTIVIDADE	GRUPOS	LUGAR
<b>3º TRIMESTRE</b>			
Derradeiro luns de abril ou primeiro luns de maio	Saída co alumnado matriculado na materia	Todos os cursos	Por determinar



## **9.7. DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA**

DATA	ACTIVIDADE	GRUPOS	LUGAR
<b>1º TRIMESTRE</b>			
18 Outubro	Charla de Divulgación científica e tecnolóxica sobre IoT, IA, Big Data	Por determinar	Biblioteca o centro
Entre o 6 e o 10 novembro	Concurso de Robótica e Drons	Por determinar	Coruña no centro Ágora
<b>2º TRIMESTRE</b>			
Por determinar	Aula Aberta	Por determinar	Enxeñería de Minas (Vigo)
<b>3º TRIMESTRE</b>			
28 abril aprox.	Día das rapazas nas TIC: Charla online dende o Centro de Supercomputación de Galicia	Por determinar	No centro

## **9.8. OUTRAS ACTIVIDADES**

DATA	ACTIVIDADE	GRUPOS	LUGAR
<b>1º TRIMESTRE</b>			
30 Outubro	Samaín: Lectura de relatos de terror	Todos os cursos da ESO	Biblioteca o centro
Tarde do 13 novembro	Magosto	Todos os cursos	Patio escolar

\* As actividades do segundo e terceiro trimestre están aínda por determinar.

## **9.9. OUTRAS ACTIVIDADES SEN CONCRETAR**

- Charlas e obradoiros.
- Encontros literarios con autores e autoras á poposta do ENDL.
- Asistencia a ligas e acontecementos deportivos. Actividades deportivas nos recreos.
- Participación na Semana do Teatro organizada polo Concello de Bande en colaboración co CEIP "Xaquín Lorenzo" e o IES "Aquis Querquernis". O departamento de galego presentará unha obra de teatro co alumnado de 4o ESO, coincidindo coa celebración das Letras Galegas. O alumnado do IES asistirá como público ás distintas obras de outros centros de secundaria.
- Actividades de fomento da lectura en colaboración co profesorado responsable da Biblioteca do centro.



## **9.10. CONMEMORACIÓN:**

Impulsarase a conmemoración de determinadas datas significativas para a comunidade educativa segundo recomenda a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024, nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos (D.O.G. do 16 de mayo de 2023). As conmemoracións escollidas para programar actividades no noso centro durante o curso escolar 2023-24 son:

- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra la Violencia de Género.
- 30 xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 11 de febreiro: Día da Muller e a nena na Ciencia.
- 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
- Del 22 al 26 de abril de 2024: Semana do Libro.
- Del 13 al 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente.

Ademais, de conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo sexual, se realizarán actividades específicas en relacionadas co recoñecemento deste colectivo. Ao longo do curso escolar estas actividades extraescolares e complementarias poderán sufrir modificacións e tamén programaranse outras saídas didácticas en función das solicitudes dos Departamentos Didácticos e o interese das actividades. Asemade, a vicedirección encargarse da xestión e posta a disposición dos diferentes departamentos, de tódalas ofertas e convocatorias educativas que xurdan desde diferentes eidos.

## **9.11. TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES A CELEBRAR NO CENTRO:**

### ***OUTUBRO***

- Festa do Samaín:
  - Concurso de microrrelatos de medo do Samaín, en colaboración co ENDL.
  - Obradoiro de elaboración de cabazas con 1ESO
  - Lectura dos relatos e entrega de premios.

### ***NOVEMBRO***

- Celebración do Magosto:
  - Xantar, música e xogos ao mediodía e a tarde do luns.
- Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller (25 de novembro)

### ***DECEMBRO***

- Nadal
  - Organización dalgún concurso relacionado co Nadal (decoración de aulas, portas, etc.).
  - Contacontos e chocolatada.
  - Reparto dos calendarios anuais do ENDL.



## **XANEIRO**

- Día Escolar da Non Violencia (30 de xaneiro)

## **FEBREIRO**

- Entroido:
  - Concurso de disfraces e de sobremesas para todo o alumnado do instituto. Haberá premios por categorías.
  - Ambientación con carteis anunciadores e paneis informativos.
  - Concurso de caretas de Entroido e posterior exposición na entrada do centro.
- Día da Muller e a nena na Ciencia (11 febreiro).
- Día de Rosalía de Castro (23 febreiro).

## **MARZO**

- Día da Muller (8 de marzo)

## **ABRIL**

- Día do Libro:
  - Intercambio de libros entre toda a comunidade escolar (quen queira levar un libro para ler debe deixar a cambio outro).
  - Grabación das recomendacións do alumnado para compartir en Instagram.

## **MAIO**

- Letras Galegas 2024:
  - Actividades propostas polos propios alumnos/as
  - Semana do teatro: con representación dalgunha obra de teatro por parte do alumnado do IES Aquis Querquernis.

## **XUÑO**

- Despedida de 2º Bacharelato
- Día mundial do Medioambiente (5 xuño)



## 10. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

(ver en documento anexo)

## 11. PLAN ANUAL DE LECTURA.

Partindo da análise dos resultados obtidos coas actividades desenvolvidas o curso pasado, para o presente curso 2023-2024 preténdese centrar o PAL nos seguintes obxectivos:

- Fomentar o uso da nosa biblioteca escolar como recurso para dinamización da lectura, de outras actividades educativo-culturais e punto de acceso ás diversas fontes de información.
- Potenciar o uso de fontes informativas diversas no tratamento dos contidos curriculares (narracións, poemas, cancións, cómics, fotografías, pinturas, gráficos, textos publicitarios, xornais...) que permitan a aprendizaxe dos diversos códigos (escritos, visuais, sonoros).
- Creación de novos espazos que animen á lectura.

### **11.1. ACTIVIDADES PARA O CURSO 2023-2024**

As actividades programadas deberán responder ás necesidades do alumnado, ser realistas, flexibles e progresivas. Ademais, posto que é labor de todo o profesorado, teñen que ser resultado dunha reflexión conxunta e de decisións consensuadas e contribuír ao desenvolvemento do traballo docente.

As actividades deberán presentar unha organización temporal e espacial. É dicir, non só se recollerá a duración destas actividades e a súa periodización, senón tamén os lugares onde se van desenvolver (aula, biblioteca, casa...).

Cada departamento didáctico recollerá nos seus proxectos didácticos a contribución das materias ao proxecto lector (ver Programacións didácticas):

- Lectura e titorías: nas horas de titoría presencial do alumnado traballarase a competencia lectora dentro das técnicas de estudo.
- Lectura e gardas: estimularase que o alumnado aproveite as horas de garda por ausencia do profesor para a lectura ou a escritura, evitando no posible os tempos mortos de inactividade. Farase especial fincapé en que os alumnos acudan sempre ao centro cun libro nas súas mochilas para aproveitar estas horas imprevistas.
- Biblioteca de aula: continuarase a dotación de novos libros para as bibliotecas de aula, que poderán ser empregados tanto nas clases coma nos períodos de garda, mantendo as medidas de seguridade necesarias.
- Clube de lectura: todas as actividades propostas en cursos anteriores relacionadas co clube de lectura non se poderán levar a cabo, dado que non existe a posibilidade de asignación de profesorado para tal fin (clube, certames e concursos de relatos, poesía..., semanas temáticas, excursións diversas...)
- Concurso "Tíralle da lingua": fomento da expresión oral a través de monólogos recitados polo alumnado.



## 12. PLAN ANUAL DE INTEGRACIÓN DAS TIC.

- Dotar o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
- Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- Consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente
- A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación derivadas das desigualdades sociais.
- Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades.
- Este curso de novo haberá profesorado encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais (profesorado que, en función do seu coñecemento e experiencia, será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais, a comunicación coas persoas asesoras de Abalar ou Edixgal e coa UAC. O persoal docente designado colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes).
- Corresponde ao profesorado colaborar coa posta en funcionamento e o mantemento da Aula Virtual. Durante o mes de setembro, antes da asistencia do alumnado ás aulas, crearanse os "cursos" dentro das aulas virtuais, e así como os usuarios para o alumnado e o profesorado. Realizaranse as reunións oportunas para informar ao profesorado dos seus usuarios, do modo de ensinar aos alumnos/as a inscribirse nos cursos, e da formación dispoñible (o coordinador TIC poderá crear modelos básicos que sexan homoxéneos para a totalidade dos cursos e que faciliten o labor do profesorado con menor experiencia no uso). Poñeranse a disposición do profesorado uns vídeos titoriais para a realización de tarefas de primeira posta en funcionamento da aula virtual.
- Durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos.
- Utilizaráse a aula de informática do centro para esas tarefas.
- A Aula Virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) estarán plenamente operativos e funcionando a finais de setembro.
- No mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo que, pola súa parte, creará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.





- Continuaráse coa oferta de formación en Aulas Virtuais. As persoas asesoras Abalar de zona e da UAC prestarán especial atención á solución dos problemas tecnolóxicos que poidan xurdir. Para fornecer de contidos á Aula Virtual o profesorado poderá utilizar os dispoñibles no Espacio Abalar, os que figuran na web do Ministerio ou calquera outro dispoñible e apropiado.

## 13. PLAN DIXITAL.

Durante os dous últimos cursos, o centro creou e introduciu o Plan Dixital. O ano pasado, o noso centro continuou coa mesma dinámica e, continuaremos un ano máis neste curso escolar 2023/24.

En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensinoaprendizaxe, de xestión e de relación o que require dun proceso de mellora das competencias nos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do centro como organización.

O Regulamento polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Consello Europeo do 11 de febreiro de 2021 establece como un dos seus principais eixes a transformación dixital na procura da excelencia, a universalidade e a equidade na educación; que elimina as brechas sociais e territoriais, que incentiva a formación continua e cre no talento, promocionando o emprendemento e a innovación, o reforzo das súas capacidades de investigación e a atracción e fomento da excelencia.

No Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que impulsa a Consellería de Cultura, educación e Universidade, faise unha clara aposta por espazos ao servizo dos proxectos educativos, sobre todo vinculados á transformación dixital e que sexan xeradores de igualdade e inclusión. Así como, na Estratexia Galicia Dixital 2030 e na Estratexia Educación dixital 2030 de Galicia, cara a consecución dunha cidadanía dixital plena.

Co fin de promover e garantir o desenvolvemento dun marco de acción que permita acordar e coordinar diversos aspectos que afectan ao uso das tecnoloxías na educación no presente curso 2023-2024 ten que elaborarse e implementarse o Plan Dixital tendo en conta os principios, obxectivos e referentes que a continuación se indican. No curso 2022-2023 a súa aplicación ten que ser efectiva.

### **13.1. PRINCIPIOS:**

- A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

### **13.2. OBXECTIVOS:**

- Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimice a xestión de recursos humanos e materiais do centro.



- Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital.
- Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.
- Definir o equipo responsable de dinamización do Plan Dixital e as súas funcións.

### **13.3. REFERENTES:**

- A transformación dixital dos centros educativos atenderá ás tres dimensións establecidas polo Marco Europeo de Organizacións Dixitalmente Competentes: pedagóxica, tecnolóxica e organizativa.
- O marco europeo propón unha análise do centro baseado en sete elementos: Infraestrutura, Liderado e Gobernanza, Ensino e Aprendizaxe, Desenvolvemento Profesional, Avaliación, Contidos e Currículo, así como Redes de Apoio e Colaboración. Cada centro poderá engadir outros elementos adecuados ás súas características específicas.

Para o deseño e elaboración do Plan Dixital porase a disposición de toda a comunidade educativa, a través do portal educativo, un espazo específico de competencia dixital na que se recollerá toda a información e ferramentas para o seu desenvolvemento: [https://www.edu.xunta.gal/portal/competenc\\_iadixital](https://www.edu.xunta.gal/portal/competenc_iadixital).

O plan Dixital do centro pode consultarse na seguinte ligazón:

[CLICK PARA ACCEDER AO PLAN DIXITAL DO CENTRO](#)

## **14. PLAN ANUAL DE CONVIVENCIA**

Durante o presente curso 2023-2024, continuaremos a desenvolver diversas medidas encamiñadas á prevención e resolución de conflitos que poidan xurdir no noso centro. De todos modos, especificar que nestes últimos cursos non se teñen producido problemas de convivencia destacados.

<b>MEDIDAS PREVENTIVAS</b>					
<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>DESTINATARIOS</b>	<b>OBXECTIVOS</b>	<b>METODOLOXÍA/ ACTIVIDADES</b>	<b>RESPONSABLES</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>Comunicación cos centros de Primaria adscritos ao IES</b>	Profesorado	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Obter información do novo alumnado para poder adoptar medidas que eviten situacións conflitivas.</li> <li>-Facilitar ao novo alumnado a integración no centro.</li> </ul>	Reunión co profesorado titor, de apoio e persoa orientadora de 6º de primaria para o intercambio de información do alumnado que se incorpora á educación secundaria obrigatoria e recollida de datos para a formación dos grupos.	Departamento de orientación	Xuño/setembro



<b>Plan de acollida do profesorado de nova incorporación</b>	Profesorado	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propiciar unha rápida integración no funcionamento do centro.</li> <li>- Favorecer un clima de confianza e colaboración.</li> <li>- Dar a coñecer as normas do centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reunión coa xefatura de estudos.</li> <li>- Entrega da documentación</li> <li>- Visita polo centro.</li> <li>- Información relevante sobre o alumnado.</li> </ul>	Equipo directivo e departament o de orientación	Durante o mes de setembro, e sempre que se incorpore novo profesorado.
<b>Coordinación do profesorado</b>	Profesorado	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Empregar as normas con eficacia.</li> <li>- Garantir unha actuación homoxénea na aplicación das correccións.</li> <li>- Promover a colaboración .</li> <li>- Consensuar actuacións.</li> <li>- Detectar posibles problemas de integración, adaptación, problemas de conduta, acoso...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reunións periódicas.</li> <li>• Sesións de avaliación.</li> </ul>	Equipo directivo	Todo o curso
<b>Estratexias para a xestión e control da aula</b>	Profesorado	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crear un clima facilitador que faga máis cómodo o traballo na aula e máis improbable a conflitividade.</li> <li>- Mellorar o índice de atención do alumnado.</li> <li>- Mellorar as expectativas, a motivación e a autoestima.</li> </ul>		Todo o profesorado	Todo o curso
<b>Metodoloxía / estilo educativo/ atención á diversidade</b>	Profesorado	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Motivar e implicar ao alumnado.</li> <li>- Atender á diversidade.</li> <li>- Promover a cooperación entre o alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emprego de metodoloxías variadas.</li> <li>- Adaptar o currículo ás características e necesidades de cada alumno/a.</li> <li>- Aprendizaxe cooperativa.</li> <li>- Aprendizaxe significativa.</li> <li>- Constituír grupos heteroxéneos de traballo na aula.</li> </ul> <i>Ver plan de atención á diversidade.</i>		

<b>Vixilancia de recreos e cambios de clase</b>	Profesorado	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Garantir o cumprimento das normas por parte do alumnado.</li> <li>- Prever condutas contrarias á convivencia.</li> </ul>	- Ver RRI	Profesorado de garda	Todo o curso
---	-------------	---	-----------	----------------------	--------------



<b>Difusión normas de convivencia do IES e dos dereitos e deberes.</b>	Profesorado Alumnado Familias	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Garantir o coñecemento das normas.</li> <li>- Favorecer o seu cumprimento.</li> <li>- Concienciar dos beneficios para todos do respecto das normas.</li> <li>- Abordar coordinadamente os casos de condutas disruptivas cunha resposta personalizada e educativa.</li> <li>- Mellorar a colaboración e implicación das familias en todo o relacionado co comportamento do alumnado do centro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Para o alumnado, lectura e traballo nas titorías sobre as normas de convivencia do centro.</li> <li>- Entrega dun folleto coas normas recollidas no RRI, para o profesorado e as familias.</li> <li>- Reunións colectivas e entrevistas individuais coas familias.</li> <li>- Revisión anual das normas nunha reunión do claustro</li> </ul>	Equipo directivo, Profesorado titor, resto do profesorado e persoal do centro.	Durante o mes de setembro. Recordo no inicio de cada trimestre. Nos momentos nos que o seu incumprimento sexa patente.
<b>Elaboración e difusión das normas de convivencia da aula.</b>	Profesorado Alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaborar mediante a participación democrática do alumnado, un conxunto de normas e sancións que melloren o clima de traballo e convivencia na aula e promovan un conxunto de hábitos positivos no alumnado.</li> </ul>	<i>Ver PAT.</i>	Titor/a de cada curso; Grupo-clase; Equipo docente	Ao comezo do curso.  Revisión periódica.
<b>Formación</b>	Profesorado Familias	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dotalos de instrumentos para a detección e prevención de condutas violentas.</li> <li>- Concienciar do papel da familia na prevención de conflitos e dunha auténtica educación en valores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Participación en grupos de traballo, seminarios, proxectos...</li> <li>- Charlas formativas sobre resolución de conflitos, habilidades sociais, valores..</li> </ul>	Equipo directivo, Departament o de orientación e expertos nos temas a tratar.	Cando se considere oportuno
<b>Aula de convivencia</b>	Alumnado expulsado das aulas	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Atender o alumnado cunha conduta disruptiva que impida o normal desenvolvemento das clases</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Realización de tarefas asignadas polo profesor de aula</li> </ul>	Profesorado de garda	Todo o curso
<b>Actividades complement. e extraescolares</b>	Alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomentar a convivencia a través de actividades complementarias e extraescolares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Celebracións (día da Paz, día dos Dereitos Humanos,...).</li> <li>- Degustacións, xogos, investigacións e traballos, actuacións musicais e teatrais, decoración do centro, tradicións (festas, xogos populares,...) etc...</li> <li>- Cruz vermella</li> <li>- Centro quérote</li> <li>- Actividades deportivas.</li> <li>- Todo tipo de actividades ofertadas por axentes externos e internos que sexan axeitadas para a mellora da convivencia.</li> </ul>	Encargados de actividades extraescolares; coordinacións de ciclo e xefaturas de departament o; xefatura de estudos e departament o de orientación.	Todo o curso
<b>Plan de acollida para o alumnado de novo ingreso e inmigrante</b>	Alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Favorecer unha adaptación progresiva ao centro.</li> <li>- Informar ao novo alumnado sobre o funcionamento do centro e das normas de convivencia, aportándolles puntos de referencia e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Ver plan de acollida para alumnado procedente do estranxeiro no PEC.</i></li> <li>- Crear a figura do alumno/a titor/a (ou alumno/a axudante)</li> </ul>	Equipo directivo /profesorado/ Departament o orientación	Incorporación



		transmitíndolles seguridade e tranquilidade. - Fomentar actitudes de respecto cara este alumnado e facilitar o proceso da súa integración.	para o novo alumnado.		
<b>Plan de acción tutorial</b>	Alumnado	- Conseguir a competencia do alumnado nos seguintes temas: • estratexias para previr a violencia de xénero. • estratexias para previr o racismo e a xenofobia. • habilidades de comunicación. • habilidades sociais. • habilidades para a resolución de conflitos. • mellora da autoestima e autoconhecimento. • desenvolvemento do autocontrol. • educación emocional.	• Ver PAT. • Traballarase en cada titoría, polo menos unha vez ao mes, e sempre que se considere oportuno, a marcha da convivencia e todo aquilo que potencie as boas relacións do grupo.	Profesorado titor/resto do profesorado	Cando se determine no PAT.
<b>Educación en valores</b>	Alumnado	- Fomentar os dereitos humanos de liberdade, xustiza, tolerancia activa, non discriminación por razón de xénero, etnia, relixión, lingua. - Potenciar o interculturalismo e a solidariedade.	- Actividades de titoría, extraescolares e complementarias. - Celebracións. - Programar actividades multiculturalais.	Departamento de orientación/Profesorado titor (PAT) e resto do profesorado.	Todo o curso
<b>Emprego das tecnoloxías da información e comunicación como medio de prevención de conflitos</b>	Alumnado	- Aproveitar os recursos e motivación das novas tecnoloxías para establecer pontes que superen as discriminacións e acerquen ao alumnado de diferentes procedencias, etnias...	-Actividades de titoría	Profesorado	Todo o curso
<b>Relación coas familias</b>	Familias	- Garantir o coñecemento do alumnado. - Intercambiar información sobre o proceso formativo. - Sensibilizalas sobre a convivencia . - Conseguir o seu compromiso de asumir responsabilidades familiares na detección e prevención da violencia. - Implicalas na resolución satisfactoria de situacións conflitivas. - Informalas das normas de convivencia do centro e da aula. - Colaborar con elas no establecemento de normas comúns de actuación.	- Reunións colectivas. - Entrevistas individuais. - Abrir o centro ás familias, ofrecendo as instalacións para reunións, cursos de formación, actividades de convivencia... - Informar ás familias do novo alumnado. - Comunicación a través da ANPA, consello escolar...	Profesorado	Todo o curso



<b>Ambientación do espazo físico.</b>	Comunidade educativa	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crear un clima agradable e acoledor.</li> <li>- Apreciar o centro como algo propio e valioso.</li> <li>- Coidar e mellorar os espazos físicos do centro.</li> <li>- Favorecer o respecto do material común.</li> <li>- Potenciar a participación do alumnado nas actividades do centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pósters</li> <li>- Traballos do alumnado, paneis....</li> <li>- Campaña de sensibilización.</li> <li>- Decoración dos espazos.</li> <li>- Concurso decorativo da aula e de espazos comúns.</li> </ul>	Toda a comunidade educativa, coordinada polo equipo directivo	Todo o curso
<b>"Buzón de suxestións"</b>	Comunidade educativa	<p>Recoller suxestións sobre medidas que se poden adoptar para mellorar a convivencia.</p> <p>Comunicar presuntas situacións de maltrato, agresións, acoso, intimidacións...</p>		Equipo directivo	Todo o curso

## 15. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

Os arquivos PDF que compoñen o DOC descargaranse no buzón de informes con un único arquivo. A directora do IES enviará por correo electrónico dito arquivo a inspectora do centro. Con independencia do envío por correo electrónico, o DOC completo será impreso polo centro, asinado polas persoas interesadas e arquivado no centro a disposición da Inspección Educativa.

## 16. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS

No que atinxe ás instalacións do centro, un ano máis temos que facer referencia á necesidade urxente de acometer obras de mellora nas mesmas. Deberían acometerse obras de mellora do illamento destes espazos, xa que a súa construción deficiente orixina que durante os meses de inverno a humidade e o frío sexan excesivos, impedindo a creación dun ambiente axeitado para a práctica docente.

Con respecto ás instalacións deportivas. Deixando a un lado a escasa idoneidade do pavillón-ximnasio construído en 1998 (dimensións mínimas que impiden desenvolver a maioría dos deportes de interior); o maior problema é a existencia dunha "parede de cristal" con portas con un deficiente illamento térmico, que provoca temperaturas moi baixas no inverno, que trata de paliarse con un non menos deficiente sistema de calefacción de aire, que imposibilita a correcta comunicación. Asemade, cando entra o sol a luz impide a visibilidade dende boa parte da pista. Unha posible solución para este problema sería a instalación de paneis que se puidesen mover segundo as necesidades en cada momento. Ademais, debido a un anexo destinado a almacén de material deportivo que se fixo posterior ao pavillón, prodúcese unha entrada masiva de auga nos días de chuvia.

Por último, e tamén en relación coas instalacións do IES, non queremos deixar pasar a ocasión de mencionar as carencias do salón de actos. O feito de que se atope no edificio veciño do centro de primaria obriga a un incómodo desprazamento cada vez que se quere desenvolver calquera actividade. Por outra banda, o seu escaso aforo impide que a totalidade do alumnado poda acudir ao mesmo tempo, e, o seu reducido escenario implica considerables atrancos para a



realización de diversas actividades (teatro, recitais, festivais...). Ademais faría falta mellorar o equipo de son.

Polo que respecta ao equipamento, consideramos que a carencia fundamental que na actualidade ten o IES fai referencia aos medios vinculados ás TICs. É certo que nos últimos anos estase a apreciar unha lixeira mellora neste campo e de vagar, imos dotando a certos espazos de equipamentos informáticos cada vez máis demandados pola comunidade escolar (canóns de vídeo, pizarras dixitais, redes wifi, ordenadores) pero aínda se precisan máis investimentos. Neste sentido, sería moi interesante poder renovar o anticuado equipamento de ordenadores (escasa memoria, procesadores obsoletos, pantallas anticuadas), ampliar o número de ordenadores para uso do alumnado nos tempos de lecer..

## **17. MELLORAS NOS ESPAZOS ACOMETIDAS NO PRESENTE CURSO**

- Pulido e pintura de zonas comúns (corredores de todas as plantas e cafetería e aula de 3º).
- Pintado de azulexos dos corredores e cafetería para unificar os tonos coa zona nova (pintado en azul).
- Reparación e substitución de cristais rotos e da cortiza da aula de música.
- Colocación porta de acceso ao ximnasio.
- Eliminación de tabique separador da secretaría co despacho de xefatura e vicedirección para mellora da comunicación do equipo directivo.
- Valeirado de espazos de almacéns buscando a eficiencia destes espazos e o seu emprego de xeito funcional por parte do centro. Neste valeirado deuse de baixa moito material que se entregou ao punto limpo e tamén se fixeron cesións a distintos organismos e asociacións da zona favorecendo a colaboración entre as distintas institucións da contorna.
- Fíxose solicitude de materiais novos de mobiliario que aínda non está contestada por parte da Consellería.
- Renovación dos baños masculinos da planta alta por parte da Unidade Técnica tras o informe de necesidades e da visita da Xefatura Territorial.

## **18. NECESIDADES PRIORITARIAS FUTURAS**

- Dotar de máis medios informáticos ás aulas e renovación de mobiliario diverso.
- Continuar a mellora do salón-taller coa transformación deste nun espazo máis habitable co illamento térmico e a inclusión de calefacción.
- Mellora do salón de actos especialmente no referido ao son.
- Dotar de novas posibilidades de ocio activo ao alumnado coa solicitude de canastas para o patio.
- Renovación xenérica do patio para transformalo nun espazo máis sostible.



## 19. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN PROFESORADO

Tendo en conta as propostas dos diversos departamentos didácticos así como as conclusións extraídas do claustro docente, o IES prantéxase este curso a necesidade de poñer en marcha actividades formativas do profesorado orientadas a:

- Fomentar a innovación educativa.
- Seguir favorecendo actividades encamiñadas á consecución dos obxectivos contidos no Plan Dixital do centro.
- Creación de contidos para Programa de Diversificación.
- Empregar as TIC coa inclusión do centro nos Polos Creativos e o desenvolvemento do Plan Dixital.
- Divulgar actividades e instrumentos relacionados co plan de convivencia.
- Participar en programas educativos de ámbito provincial, autonómico e estatal.

Co fin de levar adiante estes obxectivos, poñeranse en marcha os seguintes instrumentos:

- Divulgación por medio dos correos electrónicos do profesorado de todas as actividades de formación propostas por organismos diversos (CEFOR, universidades, sindicatos, asociacións, DOG, portal Xunta, etc.)
- Exposición no taboleiro de anuncios da sala de profesores do centro de todas aquelas actividades e cursos que reciba o IES.
- Supervisión por parte da Xefatura de Estudos das actividades de formación desenvolvidas polo profesorado.
- Fomento do intercambio de información e experiencias educativas entre o profesorado.

## 20. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

### 20.1. TRANSPORTE ESCOLAR

As rutas e o alumnado asignado a este curso son as seguintes:

Ruta	Alumnado
<b>ESO</b>	
Bande . Vilar de Cas	10
Bande - Calvos	3
Xermeade - Bande	5
Vieiro – Bangueses de Arriba	8
Bande – Lama de Grou	5
Guntumil – Barxes + enlace	2
Bande – Manín	9
Bande – Ferreiros	18
Xendive – A Vila	7
Entrimo – Enlaces – Olelas	3





(\*) O alumnado recollido na táboa anterior de ESO ten transporte gratuito. Pola súa parte, o alumnado de ensino postobrigatorio (Bacharelato) tamén poderá facer uso deste transporte, ben de forma gratuíta con solicitude e aprobación da Delegación de Ourense previa tramitación da mesma pola dirección do IES, ou ben pagando o servizo a cada empresa.


## **20.2. COMEDOR**

O centro dispón de local destinado a cafetería e comedor escolar. O servizo de comedor desenvólvese os luns de 14:10 a 15:30, e pertence a unha xestión indirecta, levada pola empresa Salagradin. Respecto á cafetería, neste curso, non está funcionando dado que non houbo ofertas para a súa explotación.

No curso actual farán uso do servizo de comedor un total de 64 alumnos.

## **21. ANEXOS:**

Plan Xeral de Atención a diversidade



## **PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

CONCRECIÓN ANUAL  
IES AQUIS QUERQUERNIS  
*CURSO 2023-2024*

## XUSTIFICACIÓN

A diversidade é unha realidade social, e polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural do alumnado, da singularidade de cada familia e de cada unha do profesorado, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto (Decreto 229/2011).

**A atención a diversidade** enténdese como o conxunto de medidas e accións educativas dirixidas a favorecer o progreso educativo do alumnado, tendo en conta as súas diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais e económicas, culturais, lingüísticas e de saúde. Segundo a Orden do 8 de setembro do 2021, do que se trata de garantir unha educación de calidade para a totalidade do alumnado, sen ningún tipo de discriminación, e a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento persoal. Dende o noso centro, **entendemos a diversidade dende un concepto amplo** que comprende non so ao alumnado con discapacidade ou aquel que presente necesidades educativas de tipo permanente. É dicir, a diversidade abrangue ao alumnado:

- ✚ que presenta discapacidade (física, psíquica ou sensorial),
- ✚ con problemas e trastornos graves de conduta, enfermo con imposibilidade de asistir ao centro educativo
- ✚ de incorporación tardía e descoñecemento do idioma, de orixe estranxeiro ou non,
- ✚ en situación de desvantaxe socioeducativa,
- ✚ con dificultades de aprendizaxe e na linguaxe oral
- ✚ temporeiro, absentista
- ✚ con un alto nivel de rendemento, alumnado de altas capacidades.
- ✚ calquera outro alumnado que poida presentar de forma permanente ou puntual unha necesidade de apoio específico por causas propias ao alumnado, causas familiares, sociais, etc.

**Concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos. Sen esquecermos que a diversidade supón que calquera alumno-a ao longo da súa escolaridade presenta, de forma puntual ou permanente, unhas necesidades específicas que han ser obxecto de atención específica.**

Consonte ó anterior é esencial ter presente que ningunha circunstancia persoal ou social pode ser motivo de discriminación á hora de organizar a atención educativa do alumnado, polo que os centros deben ofrecer unha resposta que compense as diferenzas individuais, no marco dos principios de normalización e inclusión e dende a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor.

**O Plan de Atención a la Diversidade** é o documento que se artella a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de Educación. O cal debe dar resposta a todas estas necesidades e recolle a análise da situación de cada centro coas medidas (actuacións e programas) encamiñadas a atender a diversidade do alumnado e os recursos que se van a destinar para isto, **este plan debe ter unha dobre**



**finalidade: a de prevención e detección das necesidades** específicas de apoio educativo a parte de **organizar a resposta educativa e posta en marcha de medidas adaptadas** para dar resposta as necesidades específicas que puidera presentar o alumnado ao longo da súa escolaridade. A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexeráse polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo.

A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio, realizaranse do xeito máis temperá posible. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.


**Os xefes de departamento e os titores na súa faceta de responsables das xuntas docentes**, asumen a tarefa operativa de integrar a atención a diversidade nas súas programacións e diariamente nas aulas. En resumo, é todo o persoal do centro no seu conxunto é responsable da atención á diversidade desde o punto de partida conceptual de normalización e inclusión, fundamentos esenciais deste Plan Xeral de Atención á Diversidade.

O Plan vai dirixido aos integrantes da comunidade educativa, como axentes das medidas establecidas, e ten como referente último ao alumnado no seu conxunto e, particularmente, é destinatario directo o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (A.C.N.E.A.E.)


A súa concreción formará parte do Proxecto Educativo anual e Departamento de Orientación elaborará a proposta de concreción seguindo as directrices da CCP e as achegas dos Departamentos. **Polo tanto, esta concreción que se desenvolve a continuación, formará parte da Programación Xeral Anual do curso 2023-24.** A súa posta en marcha deberá desenvolverase nos procesos globais de planificación, organización e desenvolvemento da actividade educativa.

## ACTUACIÓN MEDIDAS E PROGRAMAS

MEDIDAS ORDINARIAS	• CARACTERÍSTICAS	PROFESORADO RESPONSABLE	CURSOS
<b>Estrutura organizativa do centro</b>	<p>Todas aquelas medidas de índole organizativa, ben sexa a realización de agrupamentos, organización de horarios, de espazos, realización de desdobres, distribución de tempos e cantos outros sistemas de organización se artellen que sempre teñan como fin dar resposta ás necesidades que presenta o alumnado. Polo tanto, se priorizará adecuación de horarios, agrupamentos, espazos, recursos persoais, materiais e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Espazos distribuídos en función do nº de alumnado, das necesidades da propia materia</p>	<p>Equipo directivo. Dpto. Orientación Dpto. Didácticos.</p>	Tódolos cursos
<b>Programacións didácticas</b>	<p><b>Favorecer o coñecemento do concepto e aplicación, recollido na programación do centro, o de atención á diversidade, xerando boas prácticas e protocolos de actuación que engadan valor e faciliten a mellora continua</b></p> <p><b>Adecuación das programacións didácticas ao noso alumnado e contorno. Procurarase o traballo en equipo do profesorado.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• No caso de que algún profesor ou profesora decida incluír na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta do departamento, esta variación, e a xustificación correspondente, incluírase na programación deste, sempre que así o acorde o departamento ou, en último caso, a CCP.</li> <li>• Os xefes de departamento e os titores asumen a tarefa operativa de integrar a atención a diversidade nas súas programacións e diariamente nas aulas.</li> <li>• Adecuar a resposta educativa ás características propias do alumno identificado.</li> </ul>	Dptos. Didácticos	Tódolos cursos
<b>Metodoloxías</b>	<p><b><i>Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión</i></b></p> <p>Axustarse no posible ós protocolos dispostos pola administración no caso que se dispoña deles para casos de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo (dislexia, TEA, etc.)</p>	Dptos. Didácticos	Tódolos cursos

	<a href="https://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/1764">https://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/1764</a>		
<b>Reforzo educativo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe. Afecta os elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamentos do alumnado e todo o que abarca o ámbito da metodoloxía. . O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo</li> <li>• Debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área, a materia, o ámbito ou o módulo en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e <b>este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación do centro docente.</b></li> </ul>	Profesorado de materia.	Tódolos cursos.
<b>Avaliación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nas diferentes avaliacións iniciais realizadas polas xuntas docentes do Centro terán, entre outras, a responsabilidade de detectar alumnos ou situacións que precisen a atención á diversidade</li> <li>• Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación. Adaptar a forma de valorar a evolución e aprendizaxe do alumnado, sobre todo cando existen dificultades xeneralizadas de aprendizaxe.</li> <li>• Atender ós protocolos dispostos pola administración para casos de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo (dislexia, TEA, etc.), nestes atópanse recollidos indicadores específicos para cada necesidade educativa e avaliación. <a href="https://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/1764">https://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/1764</a></li> </ul>	Dptos. Didácticos	Tódolos cursos Avaliación inicial Xuntas de avaliación
<b>Aulas de atención educativa e</b>	 Aquela establecida no centro educativo para atender alumnado que pola súa conducta disruptiva,	Profesorado de garda.	Tódolos cursos.

<b>convivencia</b>	<p>impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo aula.</p> <p>✚ A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.</p>	<p>Equipo directivo.</p> <p>Orientadora.</p>	
<b>Plan de convivencia e benestar</b>	<p>O Decreto 229/2011 establece que a atención á diversidade é un principio fundamental no sistema educativo de Galicia, e os plans e medidas relacionadas coa convivencia e o benestar son parte esencial da estratexia para lograr este obxectivo de maneira continua e sistemática. Polo tanto, esperase que se integren como medidas ordinarias no proceso educativo e na cultura escolar.</p>	<p>Coordinador /a</p> <p>Director /a</p>	Tódolos cursos
<b>Programa de recuperación de materias pendentes</b>	<p>Baseados nos mínimos esixibles do curso correspondente a súa avaliación corresponderá ó profesorado que imparta dito programa.</p>	<p>Profesorado de materia.</p>	Tódolos cursos.
<b>Programa de habilidades sociais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Programa para impartir na hora de titoría dos catro cursos da ESO, co obxectivo de dotar a todo o alumnado de estratexias para comunicarse e afrontar adecuadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social. Incluirá tamén actividades de autoconñecemento e autoestima.</li> <li>• Programa dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas.</li> <li>• Programa para alumnado que, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.</li> <li>• Existe un programa recollido no centro para traballar este ámbito.</li> </ul>	<p>Titores</p> <p>Orientadora</p>	Tódolos cursos.
<b>Exención da segunda lingua estranxeira (Francés/Portug.)</b>	<p>Medida destinada ao alumnado de 1º e 2º da ESO que presenta claras dificultades no proceso de aprendizaxe, en particular nas áreas das linguas.</p>	<p>Profesorado do Dpto. de Linguas</p>	1º 2º ESO
<b>Adaptacións curriculares significativas (ACS)</b>	<p>✚ Hai que ter presente para estas medidas que existen diferentes Protocolos para a solicitude e/ou</p>	<p>Orientadora.</p> <p>PTs/AL.</p>	1º, 4º ESO

	<p>autorización das medidas extraordinarias(Orde 8 setembro 2021</p> <p> As adaptacións curriculares significativas son modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por una determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.</p>	<p>Profesorado de materia</p>	
<p><b>Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou en Audición e Linguaxe</b></p>	<p>A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Este profesorado exercerá as súas funcións, con carácter prioritario, nas etapas de educación infantil, de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto do resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar</p>	<p>PTs Orientadora.</p>	<p>1º, 2º, 3º, 4º ESO  (poden variar ó longo do curso)</p>
<p><b>Alumnado procedente do estranxeiro</b></p>	<p>Realizarase unha avaliación inicial no momento de incorporación ao centro.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O centro docente garantirá que a escolarización do alumnado que acceda de xeito tardío ao sistema educativo galego se realice atendendo ás súas circunstancias,</li> <li>• Os centros docentes informarán e asesorarán as nais, os pais ou as persoas titoras legais sobre os dereitos, os deberes e as oportunidades que comporta a incorporación ao sistema educativo galego.</li> <li>• Poderase establecer Grupos de adquisición das linguas e/ou Adaptacións da competencia curricular. Cando tales grupos non se podan formar incorporárase ás medidas de atención a diversidade que teña o centro en marcha. Se existe desfase curricular ou descoñecemento das linguas deberá seguir un programa específico personalizado.</li> </ul>	<p>Dptos. Didácticos.  Xefatura Estudos</p>	<p>ESO</p>



Tendo en conta o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que no seu capítulo terceiro fai referencia á escolarización, faise constar na concreción anual do plan xeral de atención á diversidade a existencia dun aula específica durante este curso académico 2023/2024:

<p><b>Modalidades de escolarización</b></p>	<p>Decreto 229/2011: Artigo 16. Modalidades de escolarización.</p> <p><i>1. Considéranse modalidades de escolarización:</i></p> <p><i>a) A escolarización en centros ordinarios, en que se poderán crear ou autorizar unidades de educación especial. A distribución dos tempos dunha escolarización combinada determinarase na resolución que autoriza esa modalidade de escolarización, segundo se dispón no artigo 32 da orde do 8 de setembro do 21.</i></p> <p>O obxectivo da aula específica é levar a cabo unha escolarización combinada (Aula ordinaria/aula específica) para un alumno con necesidades educativas especiais (ANEE) de 2 da ESO co fin de traballar habilidades sociais e actividades da vida diaria fóra da aula, así coma dar apoio nas materias adaptadas (dentro e fóra da aula).</p>	<p>Orientadora. PTs/AL. Profesorado de materias</p>	<p>2º ESO</p>
<p><b>PDC</b></p>	<p>Os programas de diversificación curricular consisten nunha modificación e unha adaptación do currículo desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e están orientados á consecución do título de graduado en educación secundaria obrigatoria polo alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o que, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do devandito título. través dunha organización en ámbitos de coñecemento, actividades prácticas e, de ser o caso, materias, diferente á establecida con carácter xeral.</p>	<p>Orientadora. Dptos. Didácticos. Xefatura Estudos</p>	<p>3 ESO-4 ESO</p>

**CONCRECIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS O PXAD PARA O CURSO 2023-2024. \*Os datos indican número de alumnos/as.**

	RE/PROGRAMAS RECUPERACIÓN	APOIO PT/AL	ACS	EXENC. FRANCÉS	AULA ESPECÍFICA( COMBINADA)
1º ESO	Determinan os dptos. Didácticos  Os reforzos conterán os mínimos establecidos na programación , e segunso estes será avaliado o RE	8	2	10	
2º ESO		8	3		1
3º ESO		2			
4º ESO		1	1		

## SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN








**O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación de dito Plan.**

Todos os sectores implicados, no ámbito da súas competencias, deberán participar nos procesos de seguimento e avaliación de cada actuación posta en marcha.





Ao final do curso, de acordo cos datos de seguimento e avaliación, o departamento de orientación elaborará a memoria do Plan de atención a diversidade, establecendo as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do D.O. e a memoria anual do centro. Realízase unha avaliación inicial no mes de setembro para elaborar os plans de intervención daqueles nenos/as que xa foran atendidos no curso anterior polas mestras PT/AL. Ao longo do curso levarase a cabo unha avaliación continua e formativa que nos proporcionará información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe, podendo modificar diversos aspectos en función do que obteñamos.

**No proceso da avaliación continua**, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo que poderán levarse a cabo en calquera momento do curso, tan pronto como sexan detectadas as dificultades. Estas medidas estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo. Seguindo o procedemento, estableceranse medidas o máis axeitadas posibles para que as condicións de realización das avaliación de adapten aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo. **De maneira continuada** a Orientadora fará o seguimento do Plan, tal como queda reflectido no Plan de Traballo do Departamento de Orientación. Ó rematar o curso realizarase a avaliación final coas posibles liñas de mellora. Todo elo incorporárase á memoria final do curso do departamento

### SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN:

-  Xuntas de Avaliación: inicial, trimestrais e finais
-  Reunións de coordinación coa PT/AL, noutros casos faranse as reunión no tempo de lecer, individualmente cos titores e outro persoal que o precise.
-  Reunións cos Xefes de departamento
-  CCP
-  Claustros
-  Observacións
-  Avaliación de materiais didácticos

### INSTRUMENTOS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

-  Análise expedientes do alumnado, Cuestionarios, enquisas
-  Entrevistas individuais .Análise de resultados ( informe individualizado do alumno-a)
-  Grao de satisfacción, idoneidade, implicación... dos diferentes sectores implicados.
-  Análise de resultados (informe individualizado do alumno-a): Fortalecer a análise de resultados individualizados, o que inclúe non só os resultados académicos senón tamén o progreso nas habilidades sociais e emocionais, así como a adaptación ao entorno escolar.



- ✚ Grao de satisfacción, idoneidade, implicación... dos diferentes sectores implicados: Ampliar a avaliación da satisfacción, idoneidade e implicación dos diferentes sectores implicados, e utilizar esta información para identificar áreas que requiren melloras e áreas que están funcionando ben.
- ✚ Inclusión de Avaliación Formativa: Considerar a inclusión dunha avaliación formativa máis regular na que os docentes proporcionen retroalimentación continua sobre o progreso do alumnado, o que permitirá axustes no Plan de atención á diversidade de maneira máis oportuna.
- ✚ Avaliación de Recursos e Apoios: Avaliar a calidade e eficacia dos recursos e apoios proporcionados ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Asegurarse de que estes recursos sexan axeitados e estean a ser utilizados de maneira efectiva.
- ✚ Seguimento do Desenvolvemento de Habilidades Sociais e Emocionais: Incluír instrumentos de avaliación específicos para medir o desenvolvemento de habilidades sociais e emocionais do alumnado, xa que estes aspectos son fundamentais para o seu benestar e éxito no entorno escolar.
- ✚ Avaliación da implementación do Plan: Avaliar como se implementa o Plan na práctica, prestando atención á fidelidade da implementación e á adaptación segundo as necesidades cambiantes do alumnado.
- ✚ Ao mellorar estes instrumentos de recollida de información, obterase unha imaxe máis completa e precisa da efectividade do Plan de atención á diversidade, o que permitirá realizar axustes e melloras máis informadas.
- ✚ Avaliación da Formación do Persoal: Avaliar a eficacia da formación ofrecida ao persoal docente e non docente en relación coa inclusión e a atención á diversidade.
- ✚ Mellora Continua: Promover unha cultura de mellora continua, onde os resultados da avaliación se usen para axustar e mellorar o Plan de atención á diversidade de maneira constante.
- ✚ Avaliación do Entorno Escolar: Considerar a avaliación do entorno escolar en termos da súa accesibilidade e a súa capacidade para satisfacer as necesidades de todos os estudantes. Isto podería incluír a accesibilidade física das instalacións escolares e a inclusión de materiais e recursos apropiados.
- ✚ Avaliación da Formación do Persoal: Avaliar a eficacia da formación ofrecida ao persoal docente e non docente en relación coa inclusión e a atención á diversidade.
- ✚ Mellora Continua: Promover unha cultura de mellora continua, onde os resultados da avaliación se usen para axustar e mellorar o Plan de atención á diversidade de maneira constante.

Bande, 24 de Outubro de 2022

A XEFA DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Maria del Mar Rodríguez González

Anexo

## Modelo de informe para a Aula Específica

<b>DATOS ALUMNO/A</b>		<b>NOME:</b> _____	<b>NEAE:</b> _____
<b>IDADE:</b> __ Anos		<b>MAD:</b> _____	
<b>CURSO:</b> __ EP		<b>MODALIDADE DE ESCOLARIZACIÓN:</b> _____	
<b>EVALUACIÓN INICIAL E IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES</b>			
Dimensións	Perceptivo: Comunicativo-lingüístico: Cognitivo: Socioafectivo: Motriz:		
Estilo Aprendizaxe			
NCC			
Contexto			
Identificación de necesidades	En función dos apartados anteriores e das 5 dimensións		
<b>COMPETENCIAS CLAVE</b>			
<b>OBXECTIVOS</b>			
<b>BLOQUES DE CONTIDOS E/OU ÁREAS DO DESENVOLVEMENTO</b>			
<b>ACTIVIDADES E ACTUACIÓNS</b>			
<b>CENTRO</b>			
<b>AULA</b>			
<b>INDIVIDUAL</b>			
<b>ESTRATEGIA METODOLÓXICA</b>		<b>RECURSO</b>	
		Humanos Materiais Organizativos	
<b>ORGANIZACIÓN, TEMPORALIZACIÓN E COORDINACIÓN</b>			

EVALUACIÓN			
ALUMNADO		PROGRAMA E PRACTICA DOCENTE	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDI- ZAXE	INDICADORES DE LOGRO	
PROCEDEMENTO		INSTRUMENTOS	